

Primaria

Lingua 3

Programación

Unidade 3

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Cun ollíño pechado

Descrición da unidade

Os animais serán, nesta ocasión, o eixe temático arredor do que se articula a unidade, así como os protagonistas dos distintos modelos de textos que se ofrecen: o expositivo (na Lectura e na Expresión), o descritivo (no apartado de Literatura) e o poético (no Repaso). Xa que logo, os escolares terán a oportunidade de enriquecer o seu léxico e de aprender contidos gramaticais e ortográficos dunha maneira amena e divertida. Trabállase ademais a interpretación de imaxes e a súa relación co texto; isto favorece o desenvolvemento da atención e unha lectura máis áxil.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido aos animais.
- Palabras antónimas.
- Discriminación das oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.
- Palabras con *m* antes de *p* e *b* e uso do signo de interrogación.
- Sistematización de información e organización de datos nunha ficha.
- Características dos textos que describen animais.
- Aspectos propios da nosa cultura.

Temporalización:

Outubro: Novembro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o léxico referido aos animais.
- Recoñecer antónimos de palabras dadas.
- Coñecer e distinguir as oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.
- Escribir correctamente palabras con *mp* e *mb*.
- Aplicar a norma de uso do signo de interrogación.
- Saber describir un animal.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do texto da lectura e o do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dun texto expositivo. • Adquisición de novo vocabulario referido aos animais e reforzo das palabras antónimas. • Clasificación das oracións segundo a actitude do falante. • Uso de <i>m</i> antes de <i>p</i> e <i>b</i> e emprego do signo de interrogación. • Organización de datos nunha ficha. • Adquisición da técnica da descrición de animais. • Coñecemento dalgúns aspectos propios da nosa cultura: o Samaín. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto expositivo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto expositivo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Aumentar o vocabulario referido aos animais e utilizar as palabras antónimas.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido aos animais e palabras novas. 3.2. Aplica antónimos en contextos dados.
	4. Coñecer e distinguir as oracións enunciativas, as interrogativas e as exclamativas.	4.1. Distingue as oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.
	5. Escribir correctamente palabras con <i>mp</i> e <i>mb</i> e coñecer as normas de uso do signo de interrogación.	5.1. Escribe correctamente palabras con <i>mp</i> e <i>mb</i> . 5.2. Coloca o signo de interrogación en frases interrogativas.
	6. Elaborar unha ficha.	6.1. Abstrae os datos máis significativos dun texto e organízalos nunha ficha.
	7. Redactar descrições de animais.	7.1. Recoñece e aplica as técnicas de descrición de animais.
	8. Aprender algúns aspectos propios da nosa cultura.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le un texto expositivo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de comprensión lectora dos RF. • Actividades propostas na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido aos animais e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF.
3.2. Aplica antónimos en contextos dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF.
4.1. Distingue as oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
5.1. Escribe correctamente palabras con mp e mb.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo e actividade 5 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (ditado).
5.2. Coloca o signo de interrogación en frases interrogativas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 5 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (ditado).
6.1. Abstrae os datos máis significativos dun texto e organízalos nunha ficha.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.

7.1. Recoñece e aplica as técnicas de descrición de animais.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividade 4 de ampliación dos RF.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Elabora creacións propias aplicando técnicas literarias.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos en situacións cotiás.	Recoñece a importancia dos números para comprender a orde temporal: días, horas, minutos...
	Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.	Interactúa cos seres vivos de maneira respectuosa.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Elabora textos propios a partir da información obtida en distintas fontes.
	Interpretar información verbal e gráfica.	Interpreta con corrección o apoio visual para a realización da actividade.

<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Manexa o dicionario e consulta información na Rede.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Mostra unha actitude responsable e con sentido ético tanto na convivencia diaria como na maneira de tratar os animais.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Establece unha escala de valores con criterio propio e é consecuente con ela.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora, respecta e coida os animais.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese e respecto polas tradicións.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos a lectura no CD-Audio ou lémosllela en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido aos animais no LA e co apoio do dicionario.
- Lembramos o concepto de antonimia.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a clasificar as oracións segundo a actitude do falante.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso de *m* antes de *p* e *b* e o uso do signo de interrogación.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a sistematizar información nunha ficha.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a técnica de descrición de animais.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD e coa ficha de ampliación dos RF.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos aspectos da nosa cultura no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberá afianzarse a correcta vocalización e a comprensión lectora, a través da lectura de diversos textos.
- Será importante fixar desde o principio hábitos de traballo, como copiar os textos con atención e limpeza, subliñar con regra, observar e razoar antes de responder, fixarse nas imaxes que acompañan aos textos, etc.
- Tamén é conveniente que os alumnos e alumnas comecen a utilizar o dicionario de maneira máis ou menos habitual, para ir familiarizándose coa busca de palabras e fixando a orde alfabética.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- A caixa dos contos.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Fran Alonso: *O meu gato é un poeta*, Edicións Xerais, col. Sopa de libros.
 - Carlos Casares: *O can Rin e o lobo Crispín*, Ed. Galaxia, col. Árbore.
 - Carlos López e David Pintor: *Minimaladas*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - -----: *Novas minimaladas*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Ánxela Loureiro: *Ota quere voar*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Xosé Miranda e Antonio Reigosa: *Cando os animais falaban*, Edicións Xerais.
 - M.^a Victoria Moreno: *Eu conto, ti cantas...*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Xoán Neira: *No cubil da Lúa*, Baía Edicións.
 - Oli: *Leocadio, o león*, Edicións Xerais, col. Merlín.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:
 - Xogo do ahorcado para traballar o léxico referido aos animais:
<http://www.crtvg.es/infantil/xogos/xogo-do-ahorcado>

- Recursos para traballar o Magosto e o Samaín:
http://www.xunta.es/linguagalega/outono_materiais_e_recursos
- Para xogar con *O meu gato é un poeta*, de Fran Alonso (a clave para entrar a xogar está no libro): <http://www.gatopoeta.net>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?